



TAREFA 1. "SOBRE RODAS"



MESTRA: Laura (Titora de 4º de Educación Infantil)

ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: ÁMBITO STEAM

CONTEXTO: 4º, 5, 6º de educación infantil

CURSO: 2023/2024



1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA:	“SOBRE RODAS”		
ETAPA:	EDUCACIÓN INFANTIL	NIVEIS:	4º, 5º E 6º DE INFANTIL
ÁREAS:	ENFOQUE GLOBALIZADO	MESTRAS:	LAURA, MAR, LUCÍA.

DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

“Sobre Rodas” é unha tarefa que abarca todo o curso en todos os niveis educativos do ámbito STEAM. Ten como obxectivo organizar un encontro de carrilanas construídas polo alumnado que terá lugar no **IV Congreso #ODS2030**.

No 1º trimestre, partindo do cercano e coñecido para os ananxs de infantil, imos a centrarnos na zona de coches de patio dos nosos soños. Ao pensar en carrilanas, o 1º que se nos ven á cabeza para os pequenos son os coches, aproveitaremos este xogo que temos no patio do cole para centrarnos na parte de circuitos e seguridade vial. Concienciaremos ao alumnado da necesidade de coidar o que temos e poñer da nosa parte para o seu mantemento. Os ananxs de infantil deseñarán un plano da zona de coches solicitando axuda ás familias para levar a cabo este proxecto; as cales participaron activamente no curso anterior cedendo unha gran dotación de recursos para esta zona.

No 2º trimestre construiremos diferentes modelos a tamaño reducido de vehículos que nos axudarán a practicar para rematar fabricando a nosa carrilana e poder participar neste gran evento. Finalmente, as carrilanas construídas pasarán a formar parte da noza zona de coches concebindo estes vehículos como xoguetes sostibles para o disfrute de todos e todas; acadando así os obxectivos da axenda 2030.

XUSTIFICACIÓN:

Esta tarefa xorde do interese por unha manifestación cultural que podemos atopar en diversas vilas da nosa comunidade, as carreiras de carrilanas. A orixe destes xoguetes, froito da creatividade derivada da falta de recursos e que retoma hoxe o seu sentido facéndonos conscientes da necesidade actual de crear e divertirnos alónxandonos do consumo desmedido. Ademais, fainos conscientes da necesidade de reutilización de materiais como unha prioridade, sen esquecer a dimensión social de crear espazos de esparecemento onde poder compartir experiencias que enriquezan a nosa comunidade.



CONTEXTO:

ÁMBITO STEAM, aula 4º Educación Infantil.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/INDICADORES	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
1. O PATIO DOS NOSOS SOÑOS.	CA1.1. Participar de xeito activo e axustado, espontáneo e respetuoso coas diferenzas individuais en situación comunicativas de diverso tipo. CA 2.2. Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de valoración - Rexistro da observación directa
2. CIRCULANDO SEGUROS.	CA1.1. Participar de xeito activo e axustado, espontáneo e respetuoso coas diferenzas individuais en situación comunicativas de diverso tipo. CA5.4. Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de valoración - Rexistro da observación directa
3. ¡ATENCIÓN!	CA1.1. Participar de xeito activo e axustado, espontáneo e respetuoso coas diferenzas individuais en situación comunicativas de diverso tipo. CA9.1. Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais. CA3.3. Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de valoración - Rexistro da observación directa
4. ENXEÑEIROS EN OBRAS PÚBLICAS.	CA3.5. Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral CA7.2. Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo. CA2.5. Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de valoración - Rexistro da observación directa

CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Identificación de situacións peligrosas adoptando comportamentos acomodados en la prevención de accidentes y enfermedades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)				
ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
<p>1.O PATIO DOS NOSOS SOÑOS (Primeiro martes)</p>	<p>1.1.Círculo. Cal é a zona do patio que máis nos gusta? O alumnado vai dando resposta á pregunta plantexada.</p>	<p>1.2.O patio dos nosos soños.</p> <p>1.2.1. Ubicamos cada unha das zonas nun mapa debuxado en papel continuo e xogamos a construír cada unha das mesmas con pezas de construción así como tamén se lle ofrece o alumnado a posibilidade de debuxalas no mesmo mapa.</p> <p>1.2.2. Descubrimos as zonas do patio dos nosos soños na aula fixándonos en diferentes elementos que nos dan pistas de que zona se trata. Na aula atoparíanse</p>	<p>1.3. Analizamos as diferentes zonas do noso patio.</p> <p>En pequenos grupos analizamos cómo se atopa cada unha das zonas facendo uso dunha lista de cotexo que nos permitirá rexistrar datos. Seguidamente, en gran grupo comentamos as nosas sensacións introducindo propostas de mellora.</p>	<p>1.4. Compara/ contrasta.</p> <p>Unha vez que analizados os resultados obtidos na lista de cotexo observamos que a zona de coches necesita ser mellorada. Comparamos 2 imaxes (unha delas é de cando se fixo a inauguración do patio dos nosos soños e a outra e actual).</p>

		diferentes recunchos con elementos que indican unha zona do patio / 2 sillas e unha rampa que simulan a zona de columpio e tobogán; uns dados de cores que simulan o xogo do parchís...) Os nenos e nenas terán que empregar a súa imaxinación para adiviñar esa zona e colocar a imaxe correspondente.		
2. CIRCULANDO SEGUROS! (Primeiro xoves)	2.1. Lectura do conto “pequeno peatón. Lectura en gran grupo do conto.	2.2 Círculo. Vimos pola nosa contorna algunhas sinais de tráfico que aparecen no conto de pequeno peatón?	2.3. Presentamos as diferentes sinais de tráfico facendo uso de apoios visuais das mesmas no contexto da rúa.	2.4. Instalación na aula sensorial “A cidade”, na cal os nenos e nenas poderán vivenciar mediante o xogo situación reais de seguridade vial para familiarizarse cos contidos a traballar nesta tarefa.
3. ATENCIÓN! (segundo martes)	3.1. Prevención de accidentes! Caixa sorpresa con diferentes imaxes que nos amosan situación de risco tanto no contexto da rúa como na casa. Analizamos cada unha delas en gran grupo.	3.2. Círculo. Tivestes algunha vez un accidente/susto nas vosas casas? Compartimos experiencias persoais co resto do equipo.	3.3. Estacións de aprendizaxe. 3.1.1. Puzzles de sinais de tráfico vistas na sesión anterior.	3.4. Círculo final. Compartimos as experiencias que tivemos nesta sesión indicando que foi o que máis nos gustou.

			<p>3.1.2. Hoxe imos a...! Os nenos e nenas facendo uso do robot terán que ir ao destino indicado cumprindo co que establecen as sinais de tráfico que se atopan no taboeiro.</p> <p>3.1.3. Coidado! Observamos diferentes imaxes e clasificamolas segundo se indican risco ou non.</p> <p>3.1.4. Cortado por obras! Proposta sensorial con área e excavadoras para simular unha zona de obras na rúa.</p>	
<p>4.ENXEÑEIROS EN OBRAS PÚBLICAS (segundo xoves)</p>	<p>4.1.Circulo. Lembramos a nosa misión nesta tarefa: mellorar a zona de coches do patio dos nosos soños tras os resultados obtidos coas listas de cotexo empregadas no análise do noso cole. Agora que nos convertemos en expertos e aprendemos moito acerca de seguridade vial, estamos preparados para proceder a mellorar a zona de coches. Para iso, expomos cada un dos integrantes do grupo qué nos gustaría que tivese esa zona e</p>	<p>4.2. Creando creando! En pequenos grupos, pensamos cómo podemos facer o circuito de seguridade vial para esa zona de coches. Os nenos e nenas terán diferentes recursos (carreteras, sinais, medios de</p>	<p>4.3. Deseñando! Unha vez que xa experimentamos diferentes formas de construír de maneira manipulativa cos elementos proporcionados, pasamos a deseñar a zona de coches. Para iso, teremos un papel continuo grande que iremos rellenando entre todos tendo en conta o documento</p>	<p>4.4.Quen pode axudarnos?. A continuación, pensamos cómo podemos facer para que o noso soño se faga realidade? Quen pode axudarnos? Empregamos a foto do noso deseño para defundila á comunidade educativa (familias e concello).</p>

	recollemos todas as aportacións nun documento que nos permitirá ir insertando imaxes, resultando así moi visual para os rapaces.	transporte, casas. Árbores, Pontes, materiais non estruturados...) para confeccionar esa zona e facer un pequeno boceto da mesma de forma manipulativa.	que recolle as aportacións de todo o equipo visto ao comezo da sesión.	
--	--	---	--	--

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)				
ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
1. O PATIO DOS NOSOS SOÑOS	Aula 4º El	Gran grupo Pequeno grupo	Panel SCRUM, pantalla, apoios visuais de imaxes das zonas do patio, listas de cotexo, gomets papel continuo, pegamento, ceras, lapis, pezas de construción, plantilla da rutina de pensamento compara e contrasta, elementos identificativos de cada unha das zonas (xogo do parchís, 3 en raia, sillas para simular columpios, rampa para simular o tobogán, taboeiro de xadrez...).	Martes 9:30-10:50
2. CIRCULANDO SEGUROS!	Aula 4º El Aula Sensorial	Gran grupo	Panel Scrum, conto “pequeno peatón”, sinais de tráfico, apoios visuais de sinais de tráfico na contorna, carreteras, coches, bicicletas, papel continuo, ceras, area, excavadoras, mesa tuff, cinta para sinalizar zoas de obras na rúa.	Xoves 9:30-10:50

3. ATENCIÓN!	Aula 4º EI	Gran grupo Pequeno grupo	Panel SCRUM, mesa tuff, area, excavadoras, carreteras, coches, bicicletas, sinais de tráfico, puzles sinais de tráfico, tarxetas para indicar destinos e ubicación, robot bee bot, taboeiro robot bee boot con sinais de tráfico, apoios visuais de prevención de accidentes e situación de risco.	Martes 9:30-10:50
4. ENXEÑEIROS EN OBRAS PÚBLICAS	Aula 4º EI	Gran grupo Pequeno grupo	Panel SCRUM, pantalla, papel continuo, ceras, rotuladores, lapis, carreteras, medios de transporte, pezas de construción, sinais de tráfico, casas, árbores, cámara de fotos.	Xoves 9:30-10:50

5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de valoración - Rexistro da observación directa 	<p>Como?: mediante a observación directa e sistemática</p> <p>Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos.</p>
PRÁCTICA DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Ficha de recollida de información: https://docs.google.com/presentation/d/1Qh9sZSdFAyD3VZeKO9GPfP0r01XR1sMa/edit?usp=share_link&ouid=114554059693774750759&rtpof=true&sd=true 	<p>Como?: cumprimentando a ficha.</p> <p>Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos..</p>